

# **Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Barro para a execución da actuación "Nova estación depuradora de augas residuais do Concello de Barro. Barro (Pontevedra)", no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU**

## **1. Antecedentes**

O Concello de Barro ten atribuídas competencias en materia de saneamento e depuración de augas residuais, de acordo co establecido nos artigos 25.2 c) e 86.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local, nos termos establecidos na lexislación autonómica.

Neste sentido, os artigos 80.2 l) e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia e os artigos 5 e 27 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, atribúen ás entidades locais, agás que o servizo estea declarado como de interese da Comunidade Autónoma de Galicia, a competencia para a prestación do servizo de tratamento de augas residuais, así como para a elaboración de proxectos de obras e a execución das correspondentes infraestruturas que non estean declaradas de interese da Comunidade Autónoma.

A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais ten por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

## **2. Obxectivos que se pretenden**

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Barro que permitan acometer



as obras consistentes na execución da actuación “Nova estación depuradora de augas residuais do concello de Barro. Barro (Pontevedra)”, e na súa conservación e mantemento.

### 3. Necesidade da colaboración, razón de oportunidade e xustificación da non concorrencia

O sistema actual de saneamento do concello de Barro non presta servizo a varios núcleos de poboación por falta de conexión cunha estación depuradora de augas residuais. É por iso polo que se considerou necesario definir as actuacións para a mellora do mesmo consistentes na construción dunha nova estación depuradora de augas residuais que terá capacidade para tratar as augas de 2.631 habitantes equivalentes.

Así mesmo, no marco de esta actuación, considérase igualmente necesario a execución dun bombeo que recollerá augas da parte baixa do dito concello, a prolongación da rede de saneamento para a conexión da nova estación depuradora de augas residuais, a urbanización e a creación dun acceso ás novas instalacións, a dotación dos servizos de subministración que se precisen e outras infraestruturas necesarias para completar o sistema de saneamento e depuración municipal.

Ante esta situación, as partes consideran necesario establecer una fórmula coordinada para garantir o financiamento da citada actuación que permita mellorar o sistema de saneamento do concello de Barro e, polo tanto, mellorar da calidade das augas residuais e das condicións ambientais de esta zona.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

### 4. Estimación de custos e financiamento

O custo total estimado para a contratación das actuacións contempladas neste convenio ascenden a tres millóns seiscentos setenta e dous mil cento oitenta e tres euros con once céntimos (3.672.183,11 €), distribuídos do seguinte xeito entre as partes asinantes:

	AUGAS DE GALICIA	CONCELLO DE BARRO	IMPORTE
<b>2025</b>	805.466,76	201.366,68	1.006.833,44
<b>2026</b>	2.132.279,73	533.069,94	2.665.349,67
	2.937.746,49	734.436,62	3.672.183,11



Para financiar a súa achega Augas de Galicia prevé dispoñer de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

O citado crédito provén do Acordo da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente do 14 de abril de 2021 na que se estableceron os criterios de repartición e a distribución territorial de créditos destinados ao saneamento e depuración nas aglomeracións de menos de 5.000 habitantes equivalentes non conformes coa Directiva europea de augas residuais, modificado polo Acordo da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, de 14 de xuño de 2023, polo que se modifica e actualiza o Acordo do ano 2021 relativo ao plan para o "Saneamento e depuración para aglomeracións menores de 5.000 habitantes-equivalentes" da Compoñente 5 do PRTR, como consecuencia da experiencia e necesidades xurdidas na súa aplicación.

Augas de Galicia financiará con cargo a fondos procedentes do MRR, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, a súa achega de 2.937.746,49 €.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica  
O director de Augas de Galicia  
Roi Fernández Añón

